

INFORME SOBRE O IMPACTO DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DO 20 DE OUTUBRO DO 2025 SOBRE A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

Novembro de 2025

1. Introducción

No Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, XII lexislatura, número 271 (fascículo 3), do 20 de outubro de 2025, publicouse o *Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas* que acompaña o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026. Esta norma lexislativa ten como misión adaptar os textos legais da Comunidade Autónoma aos cambios que para as políticas públicas se derivan da política de gasto público que se expresa no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2026.

No Capítulo XI do *Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativa* introdúcense distintas medidas relativas á cultura. Segundo a exposición de motivos derivan de que, desde a aprobación da Lei 5/2016, a experiencia achegada pola súa aplicación práctica evidenciou “a necesidade dunha reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural” (p. 25).

Sendo o Consello da Cultura Galega o órgano estatutario de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego (artigo 32 EAG), e tendo atribuída a competencia para elevar aos poderes da Comunidade Autónoma Galega informes e propostas a prol da defensa e promoción deses valores culturais [artigo 6.e) da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega], a Comisión Executiva tomou o acordo de elaborar o presente informe, coa finalidade de valorar de maneira contextualizada a natureza e impacto dos cambios legais propostos polo Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas sobre as políticas de conservación e enriquecemento do patrimonio cultural galego. Foi elaborado pola *Comisión técnica para a elaboración de informes de patrimonio e bens culturais* do CCG, á que se incorporou temporalmente o profesor Carlos Amoedo Souto, membro da *Sección de Patrimonio e Bens Culturais*.

Por iso, a Comisión Executiva do Consello da Cultura Galega, no marco das competencias deste órgano, acordou realizar o presente informe e remitilo, para a súa consideración, tanto aos axentes implicados no disposto pola Lei coma aos que poden ter influencia no procedemento lexislativo aínda en curso.

2. A reforma da LPCG e outras medidas con impacto sobre o patrimonio cultural

O eixe central da reforma da LPCG que se analiza é a supresión da autorización previa da Consellería de Cultura nas intervencións que se pretendan realizar en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, ou ben nas súas contornas de protección e zonas de amortecemento, atribuíndo aos concellos esa competencia.

A partir desta translación competencial, serán os concellos os que avalíen durante o procedemento de concesión de licenza urbanística, á que están sometidos os actos de edificación e uso do solo, se as intervencións pretendidas cumpren os criterios de protección dos correspondentes valores culturais. Como razóns xustificativas deste cambio, adúcese:

- A proximidade territorial dos concellos e o coñecemento directo do seu propio patrimonio, que logrará unha xestión máis eficaz, áxil, próxima e axustada á realidade local.
- A necesidade de facilitar actuacións de rehabilitación urbana que permitan o incremento do parque residencial nunha realidade de especial dificultade de acceso á vivenda.

Para garantir o adecuado exercicio das competencias municipais neste novo réxime de autorizacións, prevese expresamente “o asesoramento aos concellos por parte da Consellaría (...) reforzando o mandato de colaboración xa previsto na Lei”.

Hai que ter en conta, con todo, que a previsión é que estes cambios non teñan *vacatio legis*, polo que entrarán en vigor o 1 de xaneiro do 2026.

Ademais, o proxecto de Lei de Medidas introduce outras catro medidas relevantes:

1. Corrección da localización dos bens catalogados nos instrumentos de planeamento mediante o mecanismo da corrección de erros materiais.
2. Prevalencia das contornas de protección específicas sobre as xenéricas e subsidiarias.
3. Inclusión de novas intervencións “menores” na listaxe das que non precisan de autorización nas contornas de protección dos BIC e bens catalogados.
4. Clarificación (sic) dos usos, actividades permitidas e intervencións compatibles coa protección dos Camiños de Santiago. En especial, as autorizacións das intervencións nos tramos urbanos dos cinco trazados catalogados (Inglés, Portugués interior e costeiro, Inverno, Vía da Prata, Fisterra-Muxía) das sete grandes cidades son remitidas aos respectivos concellos da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Alén do capítulo dedicado ao patrimonio cultural, outros capítulos da Lei introducen catro medidas que atinxen á xestión do patrimonio cultural.

- Así, o Capítulo XIII, relativo ao medio rural, introduce medidas cun alto impacto sobre o patrimonio arqueolóxico e os Camiños de Santiago situados en

territorio forestal. En concreto, a autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en materia de cortas de arboredo que afecten os territorios históricos dos Camiños e os bens catalogados con nivel de protección estrutural ou ambiental e as súas contornas de protección, é substituída por unha declaración responsable.

- En segundo lugar, o Capítulo II introduce unha disposición adicional na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe, que fai prevalente o interese público superior da autorización de parques eólicos e as súas estruturas de evacuación na tramitación dos seus procedementos. En particular, decláranse legalmente compatibles os parques eólicos cos obxectivos de calidade paisaxística previstos nas Directrices da Paisaxe de Galicia.
- En terceiro lugar, o artigo 62 do proxecto de Lei inclúe unha nova redacción do artigo 44 (licenzas directas) da Lei 1/2019, de rehabilitación, renovación e rexeneración urbanas, que tamén afecta á xestión do patrimonio cultural.
- Por último, o artigo 79 introduce na Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, a figura dos itinerarios culturais de interese autonómico que, de conformidade co novo artigo 13.3 “serán non serobxecto de especial promoción e difusión públicas, en canto ferramentas que contribúen ao desenvolvemento e á democratización cultural en territorios en risco de exclusión cultural”.

Trátase dunha categoría distinta da recoñecida como patrimonio cultural pola Lei 5/2016 (a “vía cultural”, do artigo 10.1.e) que permanece inédita 9 anos despois da súa creación. Mentres que a Lei 5/2016 non recoñeceu a categoría de “itinerario cultural” como clase de ben cultural patrimonial, na liña do que internacionalmente recoñece a UNESCO, introdúcese agora esta categoría baleirada da súa natureza patrimonial.

3. O contexto legal e patrimonial no que se sitúa a reforma da LPCG

3.1. Contexto normativo

A actual reforma supón unha nova modificación, aínda que de moito maior calado que as anteriores modificacións feitas sobre a Lei 5/2016, de patrimonio cultural de Galicia desde a súa promulgación. Desde que foi publicada no ano 2016, todos os anos (agás o 2020, ano da pandemia) asistimos a unha modificación da Lei 5/2016, e mesmo a dúas,

como foi o caso dos anos 2019 e 2021¹ dirixidas fundamentalmente a simplificar a tramitación das autorizacións protectoras das intervencións sobre os bens integrantes do patrimonio cultural:

- Supresión do informe preceptivo dos planeamentos parciais e proxectos en solo rústico (artigo 34).
- Redución das contornas subsidiarias de protección dos bens integrantes do patrimonio arquitectónico en solos urbanos e de núcleo rural común a parcelas, edificios e espazos públicos situados a unha distancia inferior a 50 metros, no caso de bens inmoables declarados de interese cultural, e a 20 metros, no caso de bens catalogados (artigo 38.3.c).
- Supresión das autorizacións das intervencións en bens catalogados e nas súas contornas de protección (artigo 39), coa permisión de licenzas directas amparadas na Lei 1/2019, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas (modificación introducida pola Lei 5/2024, do 27 de decembro².

¹ A Lei 5/2017, do 19 de outubro deu unha nova redacción aos artigos 39.2, 78.2, e engadiu unha nova disposición adicional, a décimo terceira. A Lei 3/2018, do 26 de decembro redixiu de novo o artigo 45 e as disposicións transitorias cuarta e quinta (ampliación a 5 anos do orixinal de 2 anos). A Lei 1/2019, do 22 de abril, deu nova redacción ao artigo 65.3, engadiu as alíneas y) e z) ao artigo 129 e a a línea z bis) ao artigo 130. A Lei 7/2019, do 23 de decembro, redixiu o artigo 78.3. A Lei 7/2021, do 17 de febreiro, derogou os artigos 112, 113 e 114. A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, deulle unha nova redacción ao artigo 34.3. A Lei 7/2022, do 27 de decembro, deulle nova redacción aos artigos 38 apartado 3 letra c), artigo 42 apartado 3 letra a), artigo 78 apartado 3 letra c), disposición adicional décimo segunda; e suprimiu a disposición transitoria sexta, relativa á protección das rutas dos Camiños de Santiago que non contén cunha delimitación definitiva. A Lei 10/2023, do 28 de decembro, deu nova redacción ao artigo 132.2, e ampliou o prazo de cinco anos da disposición transitoria quinta até 2028. A Lei 5/2024, do 27 de decembro, deu nova redacción ao artigo 39.1 e ao artigo 45.2.

² “As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei e no artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia respecto das licenzas directas. A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural”.

- Supresión das autorizacións de distintas intervencións “menores” nos entornos dos BIC e bens catalogados (artigo 45.2) (Lei 5/2024).

En relación con esta reiteración de modificacións e reformas debemos lembrar a necesidade de mellorar a calidade normativa da regulación e garantir un marco xurídico do patrimonio cultural estable e coherente cos conceptos e criterios da lexislación internacional, e así foi destacado no *Foro Patrimonio e Sociedade* (Blanco-Rotea *et al.*, 2021, p. 204)³, cuxas conclusións recollen un conxunto de directrices e recomendacións para conseguilo.

Por outra parte, a LPCG contén máis de 20 remisións a un desenvolvemento regulamentario, sen que nos 9 anos de vixencia que levamos se teña elaborado ningunha disposición distinta das que regulan a composición e funcionamento dos órganos asesores que recolle o artigo 7.2 da lei⁴. En substitución da potestade regulamentaria, tense utilizado en dúas ocasións a técnica das instrucións de servizo, en ambos os casos para flexibilizar a aplicación da Lei: a Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento; e a Instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

3.2. Contexto patrimonial

Dende a entrada en vigor da LPHE (Ley del Patrimonio Histórico Español) a translación de competencias autorizatorias considerouse unha opción excepcional e taxada: só se producía cando se aprobaba un plan especial (artigo 47 Lei 8/1995 e artigo 58 Lei 5/2016) previo informe preceptivo favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. A partir dese momento, a xestión e concesión das licenzas ao abeiro dese plan encomendábase aos propios concellos, aínda que estes tiñan a obriga de comunicarlle trimestralmente á Consellaría as licenzas concedidas, gardándose esta a posibilidade dun control *ex post* mediante a incoación dos correspondentes expedientes sancionadores por infracción leve en caso de non remitir tal información (alínea 4 do artigo 58

³ Blanco-Rotea, R., Nieto Freire, T. e Sánchez-Carretero, C. 2021. *Foro Patrimonio e Sociedade. Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro 2019-2021*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega [<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4423>].

⁴ Vid. Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía (DOG nº 192, do 9 de outubro).

e 129.i), ou por infracción grave cando a licenza contraveña o establecido nos plans especiais (artigo 130.o).

A Lei 5/2016 incorporou unha técnica similar respecto dos bens catalogados, mais só no caso de que os concellos contén con instrumentos de planeamento urbanístico xeral ou de desenvolvemento adaptados ás previsións desta lei en materia de protección do patrimonio cultural. Nestes casos (aínda pouco numerosos), os concellos están habilitados para autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e os seus contornos de protección e zonas de amortecemento. Tal posibilidade, no entanto, está supeditada a que se realice un convenio de colaboración específico que recolla, como mínimo, os compromisos de asesoramento autonómico e os recursos técnicos de supervisión e seguimento de carácter municipal. A disposición adicional cuarta desenvolve con detalle esta previsión⁵. Malia que non se fixo aínda unha avaliación oficial do uso desta técnica, só nos consta que se asinaron tres convenios de habilitación.

No contexto patrimonial no que se realiza esta reforma é moi relevante a falta de actualización, homoxeneización e adaptación á Lei 5/2016 dos inventarios e catálogos municipais de patrimonio cultural.

Debemos reiterar o xa expresado en 2019⁶ por este Consello no seu informe sobre a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (LRRRU):

A definición dos modelos de intervención na LPC/2016 vincula aquelas de maior incidencia sobre os elementos construtivos dos inmobles protexidos, como as de rehabilitación ou reestruturación, á existencia de causas obxectivas que as fagan imprescindibles por deficiencias funcionais graves, adaptación de accesibilidade ou deficiencias estruturais, con distinto criterio de substitución en función do nivel de protección que o inmovible teña atribuído.

⁵ A habilitación aos concellos para a autorización das intervencións á que se refire o artigo 65, independentemente das consideracións específicas que se determinen no convenio de colaboración, deberá garantir polo menos:

- a) Un planeamento urbanístico adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ou norma que a substitúa, que conte na súa tramitación co informe favorable expreso da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.
- b) A certificación municipal da dispoñibilidade dunha comisión técnica formada, polo menos, con persoal técnico competente para o exercicio da arquitectura, a arqueoloxía e a historia da arte.
- c) Unha metodoloxía e sistematización da información compatibles co regulamento do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, que permitan o adecuado traslado da información e comunicación das autorizacións concedidas e o seu contido.

⁶ <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4347>

A necesidade destas intervencións xustifícase no proxecto de intervención que debe estudar o ben, o seu valor cultural, histórico artístico, ademais do seu estado de conservación. Isto debe ser así porque o contido das fichas dos catálogos dos instrumentos de planeamento non identifican eses valores nin os elementos nos que se materializan e que deben ser preservados nas intervencións. A inmensa maioría destas fichas limítanse a localizar o elemento e a remitirse ás normas de protección xenéricas que o planeamento define, sen especificar a existencia de elementos singulares protexidos, nin sequera nos edificios con protección integral (como exemplo pode verse a Figura 1).

É dende esta situación absolutamente precaria do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia dende a que se deben analizar os efectos que sobre o patrimonio cultural de Galicia tería a regulación contida na LRRRU.

Esta consideración do 2019 é claramente aplicable á nova redacción do artigo 39 da LPCG.

A Disposición adicional segunda da LPCG estableceu o prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei para elaborar un regulamento no que se fixe o formato do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. A partir da aprobación dese decreto establecíase un prazo de cinco anos para que os concellos informasen da relación dos bens incluídos nos catálogos municipais e que deben integrar o Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (CPCG) instaurado nesta lei, indicando os elementos precisos para a súa identificación, o contorno de protección establecido e as fichas que consten no planeamento. A pesar do previsto, non existe *sensu stricto* un *Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia*, como instrumento único de protección dos bens do patrimonio cultural de Galicia que non foron declarados bens de interese cultural.

Hoxe, seguimos cun catálogo integrado por agregación dos bens que, á súa vez, integran o Inventario Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia, instrumento que incluía os bens recollidos nas Normas complementarias e subsidiarias de planeamento do ano 1991, relacións de elementos sen datos claros de localización, sen fichas nin atribución de proteccións, e os contidos nos catálogos de calquera figura de planeamento; aos que se engadiron *Os bens inmobles que, polo seu interese cultural, se recollan individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, a partir da entrada en vigor da LPCG*. Moi puntualmente, a DXPC incluía algún elemento no CPCG seguindo o procedemento establecido no Capítulo III da lei. Resultado desa construción do Catálogo por agregación de fontes diferentes é a súa heteroxeneidade na selección de elementos, na atribución de niveis de protección, en

moitos casos sen correspondencia cos establecidos na lei, a existencia de erros e carencias que permitan unha identificación clara, tanto do ben e da súa localización coma do ámbito ao que se estende a protección (inmóbiles, conxuntos, parcelas...), a inexistencia ou as carencias das fichas, con contidos mínimos respecto dos elementos especialmente protexidos e ausencia de determinacións específicas de protección⁷. Incluso planeamentos aprobados con posterioridade á entrada en vigor da LPCG seguen incorrendo nestas fallas e aínda segue sendo común a ausencia de determinacións específicas de protección para os elementos que se catalogan⁸. Aínda que se intentou corrixir esta situación mediante a aprobación dun catálogo de bens incluído no Plan Básico Autonómico⁹, este documento incorporou un conxunto de fichas cun contido que non responde ao requirido no artigo 81 da LSG e 197 do seu regulamento, sen establecer niveis de protección nin determinacións específicas, e sen incorporar un mínimo de información que permita identificar e determinar o ámbito que se protexe, todo isto sen contar cos numerosos erros de localización, denominación, etc¹⁰. Véxase un exemplo de ficha do visor do catálogo do PBA:

⁷ Cfr. artigo 197 (Documentación dos catálogos) do Regulamento da Lei do Solo de Galicia: Ficha de cada elemento catalogado.

O catálogo conterá unha ficha individualizada de cada elemento catalogado na cal se recollerán, como mínimo, os seus datos identificativos, localización e delimitación do seu ámbito de protección, descrición gráfica das súas características construtivas, estado de conservación, determinacións para a súa conservación, rehabilitación, mellora ou recuperación (artigo 81.3 da LSG), nivel de protección o que está sometido o elemento e actuacións autorizables.

Asemade, incluírá as fotografías necesarias para documentar o elemento obxecto de protección e a descrición do uso actual, de ser o caso.

⁸ No informe emitido polo CCG sobre a Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia xa se sinalaba esta situación do CPCG [<https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4347>].

⁹ Vid. o artigo único do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

¹⁰ Existen moitas cuestións pendentes de resolver sobre a eficacia xurídica do Catálogo do PBA, tanto pola incorporación de elementos que na data de aprobación deste instrumento non formaban parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (CPCG), nin procedían dun Catálogo dun instrumento urbanístico ou de ordenación do territorio o que contradí o carácter declarativo das determinacións do PBA, polas modificacións realizadas con posterioridade á aprobación do PBA, actualizacións nas que se incorporan elementos, modifícanse as localizacións ou os contornos de protección deses elementos, sen someter estas modificacións ao procedemento de modificación do instrumento de planeamento, pola atribución de categorías que determinan o contorno subsidiario de protección de aplicación, cos que ademais non se corresponden os contornos que establece o PBA que tampouco

CATÁLOGO PATRIMONIO CULTURAL

Documento de Aprobación Definitiva

CLAVE	CÓDIGO	PROVINCIA
40035439		A Coruña
NOME		
Casa en Orto de Arriba		



SITUACIÓN	TIPO
Núcleo	ART
Parroquia	ARQ: Arqueolóxico ART: Arquitectónico ATI: Artístico ETN: Etnográfico
Concello	
Abegondo	
DESCRIPCIÓN	X;Y ETRS89 UTM29 557.760 ; 4.791.574

A actual translación de competencias realízase sen avaliar previamente a suficiencia e preparación dos equipos técnicos municipais para afrontar o manexo dos criterios de valoración do patrimonio cultural, que teñen unha inevitable natureza discrecional,

recolle os establecidos no planeamento cando o elemento está recollido nalgún destes instrumentos urbanísticos. Porén, as dúas principais carencias residen na “identificación”, que se limita a un punto e unhas coordenadas, sen información gráfica nin descritiva algunha, e na non atribución de niveles de protección sobre os que están establecidas as intervencións autorizables sobre os bens na LPCG.

valorativa do singular caso concreto. Non é casualidade que un dos termos máis repetidos no *Foro Patrimonio e Sociedade* fose o de “formación”. Constatouse, en efecto, a necesidade de mellorar a formación práctica nos diferentes perfís curriculares relacionados co patrimonio cultural, incluso sinalando que en moitos ámbitos da administración con competencias na xestión do patrimonio cultural a formación práctica, cando existe, é autodidacta. A situación non é mellor no ámbito da administración local. A actualización e enriquecemento formativo dos técnicos que se encargan da xestión e salvagarda do patrimonio non faría máis que redundar positivamente no seu beneficio.

A inexistencia dunha avaliación do custo destas novas funcións municipais de tipo interventor e a correspondente transferencia de recursos materiais e humanos é un aspecto especialmente importante.

En materia de patrimonio cultural, é legalmente incontrovertido que o lexislador galego pode optar por atribuír directamente competencias autorizatorias propias aos concellos galegos, ao abeiro do artigo 25.2.a) da LBRL (materia da “Protección e xestión do Patrimonio histórico”), renunciando así á utilización da técnica de delegación interadministrativa de competencias, cuxa regulación é a materia do artigo 27 da LBRL, na redacción dada pola LARSAL.

Porén, cómpre recordar que, na súa redacción feita pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a LBRL introduciu dúas novas alíneas, a 3 e a 4, onde se plasman criterios de acreditación da sustentabilidade na atribución de competencias ás entidades locais, que vinculan aos lexisladores sectoriais nos seguintes termos:

3. Las competencias municipales en las materias enunciadas en este artículo se determinarán por Ley debiendo evaluar la conveniencia de la implantación de servicios locales conforme a los principios de descentralización, eficiencia, estabilidad y sostenibilidad financiera.

4. La Ley a que se refiere el apartado anterior deberá ir acompañada de una memoria económica que refleje el impacto sobre los recursos financieros de las Administraciones Públicas afectadas y el cumplimiento de los principios de estabilidad, sostenibilidad financiera y eficiencia del servicio o la actividad. La Ley debe prever la dotación de los recursos necesarios para asegurar la suficiencia financiera de las Entidades Locales sin que ello pueda conllevar, en ningún caso, un mayor gasto de las Administraciones Públicas.

A esta redacción uniuse no ano 2023 unha sexta alínea do artigo 25 LBRL, fixada polo Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes

para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado:

Con carácter previo a la atribución de competencias a los municipios, de acuerdo con el principio de diferenciación, deberá realizarse una ponderación específica de la capacidad de gestión de la entidad local, dejando constancia de tal ponderación en la motivación del instrumento jurídico que realice la atribución competencial, ya sea en su parte expositiva o en la memoria justificativa correspondiente

Nada disto se cumpre no proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas remitido ao Parlamento o 20 de outubro. Compróbase doadamente que na memoria económica non hai ningunha referencia ao respecto. Tampouco no informe da asesoría xurídica xeral, nin na memoria da Lei.

5. Análise das modificacións propostas no Proxecto de Lei

Actual artigo 12.1 LPCG	Novo párrafo artigo 12.1 LPCG:
1. Os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados contarán cun contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo as súas características, poderá establecerse un contorno de protección para as demais categorías de bens.	<i>Engádese:</i> Excepcionalmente, poderá eximirse do establecemento dun contorno de protección a un ben inmovible catalogado, sempre no marco do procedemento de catalogación establecido nos artigos 26 a 29 da LPCG, cando así o xustifiquen razóns relativas á descontextualización do ben ou cando, pola súa localización, dito contorno se poida establecer por remisión ao dun ben de protección territorial igual ou superior.

Comentario. Esta excepción é discrecional. A catalogación é na súa abrumadora maioría unha potestade municipal e do Plan Básico Autonómico, pode dar lugar a

unha xeneralizada renuncia a establecer contornos de protección na meirande parte do patrimonio cultural identificado e protexido no país.

Actual artigo 31. Procedemento de modificación ou exclusión dun ben no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia

Nova alínea 5 do artigo 31:

No caso de constatar erros materiais, aritméticos ou de feito, a consellaría competente en materia de patrimonio cultural poderá aprobar, mediante resolución, as correccións oportunas, en particular as de erros relativos á denominación, localización, ou identificación fotográfica dos bens do Catálogo do Patrimonio Cultural.

No procedemento que se tramite, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, darase audiencia ao concello responsable do catálogo e ás persoas interesadas.

A resolución que se dite será notificada ás persoas interesadas e ao concello responsable do catálogo, e inscrita no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

Comentario. Esta nova alínea 5 do artigo 31 semella resposta do goberno galego ao fracaso da identificación dos bens catalogados que describimos anteriormente.

A utilización deste procedemento de corrección de erros altera a identificación dos bens modificando instrumentos que teñen o rango de regulamentos mediante un acto administrativo (vulneración da inderrogabilidade singular dos regulamentos, artigo 37 da Lei 39/2015¹¹). Ademais, non se somete a información pública cando dela se derivan limitacións ao dereito de propiedade derivadas, á súa vez, da protección do ben e do seu contorno de protección obrigado polo artigo 12 da LPCG.

O potencial desta forma de corrección de erros aconsella introducir dous enfoques máis garantistas da súa correcta aplicación.

¹¹ “Las resoluciones administrativas de carácter particular no podrán vulnerar lo establecido en una disposición de carácter general, aunque aquéllas procedan de un órgano de igual o superior jerarquía al que dictó la disposición general”.

- O primeiro sería un trámite de exposición pública das propostas de modificación. Dada a natureza colectiva do patrimonio cultural (traducida no recoñecemento dunha acción pública polo artigo 8 da Lei 16/1985 e na atribución dunha función social aos bens culturais, artigo 47 CE), non é correcto limitar o interese dunha tal corrección de erros aos concellos responsables dos catálogos ou ás persoas interesadas.
- Por esta mesma razón, as correccións de erros deberían ser obxecto de publicación no DOG.

Actual artigo 38.4	Novo artigo 38.4
Os contornos de protección subsidiarios afectarán as edificacións e parcelas completas incluídas na delimitación das franxas recollidas neste artigo, así como as fachadas que delimitan os espazos públicos indicados.	Os contornos de protección subsidiarios afectarán ás edificacións incluídas na delimitación das franxas recollidas neste artigo, así como as fachadas que delimitan os espazos públicos indicados.

Comentario. Suprímese o criterio de *parcela completa* na definición do alcance protector dos contornos subsidiarios. Isto reduce esa protección a edificacións arquitectónicas, esquecendo outros elementos que caracterizan o contorno, como arborado, parcelario, etc.

Artigo 38
<i>Nova alínea 6 do artigo 38:</i> Os contornos de protección específicos de bens recollidos na declaración de interese cultural ou na orde de inclusión nos Catálogos, así como os establecidos para os bens individualmente singularizados nos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio polo seu valor cultural, prevalecerán sobre os contornos de protección determinados de forma xenérica e os de carácter subsidiario.

Comentario. Precepto innecesario.

Actual redacción artigo 39 autorizacións de intervencións en BIC e catalogados	Nova redacción do artigo 39
1. As intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei e no artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia respecto das licenzas directas. A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural.	<i>Engadido de segundo parágrafo:</i> As intervencións que se pretendan realizar en bens catalogados con nivel de protección estrutural e ambiental, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas polos concellos no procedemento establecido no artigo 142.2.b) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, no que deberán pronunciarse expresamente sobre a valoración e xustificación do cumprimento dos criterios de intervención recollidos nos artigos 44 a 46 desta Lei. <i>Modificación do agora terceiro parágrafo:</i> <i>A utilización dos bens declarados de interese cultural ou catalogados quedará subordinada a que non se poñan en perigo os valores que aconsellan a súa protección, polo que os cambios de uso substanciais deberán ser autorizados pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural ou os concellos segundo o recollido nos parágrafos anteriores.</i>

2. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións. Exceptúanse os supostos nos que a	<i>Novos parágrafos:</i> As intervencións descritas nos artigos 40 e seguintes, que se pretendan realizar no territorio histórico dos Camiños de Santiago catalogados, así identificados nos decretos de delimitación, nos planeamentos municipais e no Plan Básico Autonómico, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural cando as ditas intervencións afecten as propias trazas dos Camiños, ás parcelas lindeiras da mesma e aos seus elementos funcionais agás aquelas que se atopen no solo urbano dos municipios de máis de 50.000 habitantes, que deberán ser autorizadas polos concellos. As intervencións no resto do territorio histórico deberán ser autorizadas polo concello no que se localice o ben afectado. En todo caso, as intervencións nos bens integrantes do patrimonio artístico ou arqueolóxico e os que sexan de titularidade da Igrexa Católica terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. A consellaría competente en materia de patrimonio cultural colaborará coas administracións locais no asesoramento para o exercicio das competencias
--	---

lexislación forestal integra no procedemento de outorgamento da correspondente autorización a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, a través dun informe preceptivo da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá, de ser o caso, as condicións ás que deberá suxeitarse a actuación e substituirá as autorizacións previstas por esta lei. 3. A consellaría competente en materia de patrimonio cultural poderá ordenar a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei. 4. Entenderase denegada a autorización da intervención en bens de interese cultural ou catalogados ou, de ser o caso, nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento se a consellaría competente en materia de patrimonio cultural non resolve de forma expresa no prazo de tres meses.	previstas neste número de cara á conservación, protección e promoción do patrimonio cultural nos termos do artigo 3. <i>Novo parágrafo tres na alínea 2:</i> Estarán suxeitas a declaración responsable, que se presentará ante o órgano competente en materia forestal, as cortas de arboredo establecidas no artigo 92.bis.3.g) da Lei 7/2012, de montes de Galicia. <i>Nova alínea 3:</i> <i>A consellaría competente en materia de patrimonio cultural poderá ordenar a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado ou, de ser o caso, nos seus contornos de protección ou zona de amortecemento, para o cumprimento dos fins previstos nesta lei.</i> <i>Nova alínea 4:</i> <i>Entenderase denegada a autorización de intervención en bens de interese</i>
--	--

	<i>cultural ou catalogados con protección integral ou, de ser o caso, nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento, se a consellaría competente en materia de patrimonio cultural non resolve de forma expresa no prazo de tres meses.</i>
--	---

Comentario. Os niveis de protección que se recollen no segundo parágrafo do artigo 39.1 (estrutural e ambiental) non están presentes en todos os catálogos. Hai moitos bens cuxo nivel de protección non se aclara, ou non coincide co nivel de protección estrutural ou ambiental.

Isto dificulta enormemente a aplicación desta modificación, abrindo moito a posibilidade de que o aplicador municipal actúe con criterio discrecional á hora de interpretar a natureza estrutural ou ambiental da protección marcada polo inventario correspondente.

Neste punto, é necesario reparar en que a nova redacción (e a atribución competencial aos concellos) parte dunha interpretación xerárquica dos valores culturais atribuídos aos distintos niveis de protección. Segundo esta interpretación, os elementos de maior valor cultural serían os que teñen atribuído un nivel de protección integral, fronte aos que teñen asignado un nivel de protección estrutural ou ambiental, que serían portadores de valores culturais menos relevantes.

Esta interpretación é incorrecta tanto no plano normativo coma na práctica real, na que os niveis de protección están atribuídos en moitos planeamentos de maneira aleatoria (sen responder a criterios recoñecibles), ou por bloques, como os de arquitectura civil ou relixiosa, sen distinguir entre os distintos elementos destes bloques, ou incluso con “excepcións” inxustificadas, claramente identificables. Por exemplo, pazos como o de Faramello en Rois, ou o de Vilabade en Castroverde, ou pontes medievais como a de Brozos en Arteixo ou a ponte romana sobre o río Arnoia en Baños de Molgas, teñen atribuída protección estrutural, mentres outros elementos semellantes contan con protección integral.

Na LPCG, os niveis de protección atribúense atendendo á relevancia do seu valor cultural e do seu estado de conservación, de maneira que o que distingue un ben con protección integral doutro con protección estrutural non é a maior intensidade dos seus valores, senón en que medida se conservan; isto é, se os conservan dunha maneira íntegra, en todos os seus elementos e compoñentes, ou se só están presentes

en certos elementos. Así, estas proteccións non responden a unha xerarquía de valores culturais, históricos, artísticos, ou doutro tipo.

O nivel ambiental corresponde, segundo a lei, a elementos que non presentan interese individual destacable, senón que conforman o ambiente dun lugar, polo que non debería estar atribuído a elementos aos que a lei presume valor arquitectónico, industrial ou etnolóxico, como sucede na práctica na catalogación a través dos planeamentos.

A transferencia aos concellos da autorización das intervencións sobre bens con protección estrutural, e sobre bens que teñen atribuída unha protección ambiental que non lles corresponde, ignora que son precisamente eses bens, sobre os que a lei permite un tipo de intervencións de maior entidade, os que necesitan maior investigación, estudo, análise do seu estado actual e pasado, e coñecemento das súas técnicas construtivas. En definitiva, unha maior *expertise* patrimonial que axude a realizar intervencións que garantan, e non deturpen, os seus valores patrimoniais. Así, as intervencións de reestruturación requiren identificar os elementos irrecuperables e, cando sexa necesaria, a súa substitución por elementos análogos ou coherentes cos orixinais; as ampliacións deben conservar a concepción e significado espacial dos bens, e nas obras de reconstrución hai que utilizar elementos e materiais orixinais cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan probar. E isto hai que facelo dende o proxecto de intervención “caso a caso”, sen que se poidan aplicar regras fixas, porque cada ben do patrimonio é un elemento único e singular.

Outro aspecto reseñable é que o novo artigo 39 incrusta a autorización patrimonial no procedemento de outorgamento de licenza municipal dos actos previstos no artigo 142.2.b), que se refire exclusivamente a inmobles declarados. Pero o artigo 142.2 contempla outras intervencións que tamén deben ter unha valoración do seu impacto patrimonial e cultural. Por exemplo, unha parcelación ou unha segregación, ou unha instalación de uso residencial, sexa provisional sexa permanente. É preciso sinalar que este cambio normativo permite que sexan as entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) as que valoren a compatibilidade da intervención prevista coa protección dos valores culturais, en aplicación do establecido no artigo 146 bis da Lei 2/2016.

Esta remisión da valoración cultural da intervención a empresas alleas á Administración local (xuízo discrecional que a nosa lexislación, desde o século XIX, remitiu ás comisións especializadas de patrimonio) implica, ao noso modo de ver, a colisión coa xurisprudencia do Tribunal Supremo en materia de reserva de funcións a funcionarios públicos, un de cuxos resultados foi a recente sentenza 94/2025, do 7 de

marzo, do TSXG, pola que se anulou parcialmente o Decreto 102/2023, do 15 de xuño, regulador das entidades de colaboración ambiental.

Semellantes consideracións poden proxectarse sobre a atribución de competencias autorizatorias sobre intervencións no territorio histórico das trazas dos Camiños de Santiago.

A nova redacción non aclara o sentido do silencio administrativo no caso da non emisión da autorización por parte dos servizos municipais. En consecuencia, o réxime do silencio aplicable será o que corresponda ao procedemento de concesión de licenza urbanística.

Por último, é especialmente relevante indicar que a Consellería non conserva ningunha técnica de control *a posteriori* que lle permita seguir e avaliar a coherencia da protección cultural brindada polos concellos a través da concesión de licenzas. Apenas se introduce unha obriga (moi laxa) de “colaborar no asesoramento”, cuxo cumprimento non se funda en ningún sistema operativo concreto.

Modificación do artigo 43.1 (proxecto de intervención e memoria final de execución)

Numéranse os criterios e introdúcese un novo parágrafo:

En calquera caso, á solicitude de autorización para as intervencións que non requiran proxecto técnico deberase acompañar, como mínimo:

a) Descrición sucinta da intervención que recolla os materiais, dimensións, sistemas construtivos e acabados da proposta.

b) Fotografías de estado actual, tanto de detalle como de carácter xeral, na súa contorna de protección.

c) Identificación do ámbito da actuación, sinalando preferentemente a parcela catastral, e dos bens culturais afectados.

Comentario. Esta redacción é confusa, porque non aclara suficientemente cales son as intervencións que non requiren tal proxecto técnico, pois só as de mantemento están exentas do proxecto de intervención.

Nova redacción do artigo 45 (réxime de intervencións no contorno de protección)	
1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización, cando teñan por obxecto... 2. Aínda que, en todo caso, deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno, non precisarán as seguintes intervencións nos contornos de protección dos bens de interese cultural ou catalogados: a) As reparacións de cubertas que afecten só o material de cubrición, repoñendo o mesmo tipo de material tradicional existente, e as substitucións de cubertas, incluído o recambio da estrutura de soporte, sempre que como acabado se utilice tella cerámica, curva ou plana, ou lousa nos casos onde sexa característica; e se garanta que as capas intermedias da cubrición non queden vistas en ningún punto do perímetro da cuberta e que os encontros entre vertentes	<i>Modificación alínea 1</i> <i>1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da Administración competente, segundo o establecido no artigo 39.1, cando teñan por obxecto...</i> <i>Modificación na alínea 2, primeiro parágrafo</i> <i>2. Aínda que, en todo caso, deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno, non precisarán a autorización prevista no número anterior as seguintes intervencións nos contornos de protección dos bens de interese cultural ou catalogados:</i> <i>Novo parágrafo na alínea 2, apartado a):</i> Así mesmo, as renovacións de canalóns, baixantes, liñas de vida, paraneves e outros elementos complementarios das cubertas, se se mantén a solución formal

nos cumes se resolvan co propio material de cubrición. Estas intervencións non poderán incluír apertura de ocos, construción de chemineas, modificación da solución dos beirís introducindo cornixas ou voos, nin calquera outra modificación da forma do tellado, que si precisarán de autorización. d) A reparación de revestimentos se se mantén a solución formal e construtiva existente e as súas cores e acabamentos están definidos ou orientados desde a Administración autonómica, para a área xeográfica en que se atope o inmovible. Non se aplicará este criterio ao mantemento de materiais construtivos deseñados para empregarse revestidos cando permanezan vistos ou sen rematar, como as fábricas de bloque de formigón ou ladrillo visto, ou o emprego de materiais	e construtiva existente e as súas cores e acabamentos están definidos ou orientados desde a Administración autonómica, para a área xeográfica en que se atope o inmovible.
---	--

de construción en sistemas ou funcións para os cales non estean deseñados, como os forros de fachadas con materiais de cobertura de cubertas, ou os peches de leiras e edificios con elementos de mobiliario ou refugallos industriais. Admitiranse as reparacións das impermeabilizacións de medianís e fachadas secundarias con forros de placa de fibrocemento minionda sempre que como remate se pinten da mesma cor que o resto das fachadas do inmovible.	<i>Novos parágrafos na alínea 2, apartado d):</i> Estarán incluídos os traballos de mellora da eficiencia enerxética das edificacións, sempre que as capas intermedias da fachada non queden vistas en ningún punto do seu perímetro e que os encontros entre aristas e ventás se resolvan co propio material da fachada, e a solución de terminación manteña as cores e acabamentos definidos ou orientados desde a Administración autonómica, para a área xeográfica en que se atope o inmovible. (...) No caso de patios interiores ou de mazás que non sexan visibles dende a vía pública nin dende os propios bens singularmente protexidos, será admisible calquera solución compatible co código técnico da edificación. Non precisarán autorización o recibido e pintado de edificacións inacabadas sempre que empreguen as cores e acabamentos definidos ou orientados desde a Administración autonómica para a área xeográfica en que se atope o inmovible.
---	--

h) A reparación de materiais de pavimentación de vías ou espazos públicos mantendo os existentes, , sen alterar a sección do viario nin os peches que o delimitan. l) Os traballos de poda e tratamento de silvicultura sobre árbores e arbustos de relevancia ambiental, sempre que non alteren o seu carácter en relación coa escena urbana e a paisaxe natural en que se encadran. ñ) A realización de actividades e eventos efémeros, sempre que se produzan de forma illada e sen	<i>Nova redacción da alínea 2 apartado h):</i> h) A reparación de materiais de pavimentación de vías ou espazos públicos mantendo os existentes, incluíndo a limpeza, apertura e renovación ou construción de cunetas, sen alterar a sección do viario nin os peches que o delimitan. <i>Novo parágrafo na alínea 2 apartado l):</i> Así mesmo, os traballos de limpeza de montes ou franxas de protección por prevención de incendios forestais, e os de entresaca, roza, poda e trituración de masa forestal. Cando as actuacións se realicen no contorno de protección de bens arquitectónicos, teranse que balizar os bens protexidos, e non se amoreará material ao seu carón. No caso dos bens arqueolóxicos, a maiores, estará prohibido o emprego ou tránsito de maquinaria pesada polo ben protexido, así como a apertura de pistas e movementos de terras. <i>Modificación do parágrafo da alínea 2, apartado ñ):</i> <i>A realización de actividades e eventos efémeros, sempre que se produzan de forma</i>
---	---

instalacións de carácter permanente, ligadas a actividades públicas periódicas como festas, actividades lúdicas, culturais, romarías, encontros, concertos...	<i>illada e sen instalacións de carácter permanente, ligadas a actividades públicas periódicas como festas, actividades lúdicas, culturais, romarías, encontros, concertos ou gravacións audiovisuais...</i> <i>Engadido na alínea 2 o apartado q):</i> As obras interiores que non afecten á envolvente exterior dos edificios, agás nos casos das obras que leven asociados movementos de terra para reforzo de cimentacións, ampliación de sotos, novas galias de instalacións, e se encontren nos contornos de protección dos bens do patrimonio arqueolóxico, e sen prexuízo do indicado nos artigos 99.2 e 100.1. <i>Engadido na alínea 2 novo apartado r):</i> As actuacións puntuais de mantemento ou uso ordinario de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas pola deterioración material dos elementos sobre os que se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial, e que requiran dunha rápida execución pola ameaza que pode supoñer para a súa conservación ou apreciación, sempre que as actuacións manteñan ou respecten os materiais e os sistemas construtivos orixinais.
--	---

Comentario. Esta redacción, así como a do artigo 65, opta por introducir unha casuística para a exención de autorizacións que nuns casos está baseada en conceptos indeterminados –como a coherencia cos valores xerais do contorno, que requirirían unha avaliación específica caso por caso–, e noutros casos exime solucións e

actuacións moi concretas establecendo a súa aplicación xeral, sen atender sobre que tipo de elementos se aplican (urbanos, rurais, tipo de paisaxe e arquitectura do lugar, costa, montaña...) nin sobre que tipo de elementos (tradicionais, modernos...) ou calquera outra particularidade. Este tipo de excepcións debería ser consignada nas determinacións que deben acompañar as fichas dos catálogos e as súas normativas específicas, atendendo ao recoñecemento previo dos valores que se protexen en cada contorno.

Nova redacción do artigo 47. Réxime específico das intervencións na zona de amortecemento

Engadido na alínea 1:

*Na zona de amortecemento poderán realizarse en xeral todo tipo de obras e instalacións fixas ou provisionais e as actividades normais segundo a natureza do solo ou cambiar o seu uso ou destino de conformidade co planeamento vixente, sen necesidade **da tramitación prevista no artigo 39.1**, excepto que na declaración ou inclusión singularizada se determine o contrario.*

Engadido na alínea 2:

*Non obstante, polo seu alcance e o risco de deterioración ou destrución dos seus valores culturais derivados da súa implantación territorial, **será de aplicación o establecido no artigo 39.1** nas seguintes intervencións*

Comentario. Remitimos aquí ao comentario ao artigo 39.1.

Modificación do artigo 62.3, Competencias específicas de autorización en paisaxes culturais e territorios históricos ordenados mediante un instrumento específico de ordenación territorial ou urbanística

Modificación

*Exceptúanse do disposto no número 1 deste artigo as intervencións sobre os bens singulares declarados de interese cultural dentro do seu ámbito, sobre calquera ben catalogado do patrimonio artístico ou arqueolóxico, sobre calquera ben incluído no ámbito territorial delimitado como Camiño de Santiago **declarado***

ben de interese cultural ou situado na traza dos Camiños de Santiago catalogados, nas parcelas lindeiras da mesma ou nos seus elementos funcionais, así como sobre os que sexan de titularidade da Igrexa católica e para as actuacións de salvagarda que promova a consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que se someterán ao réxime xurídico ordinario recollido no artigo 39.

Comentario. Remitimos aquí ao comentario ao artigo 39.1.

Modificación das alíneas 1 e 2 do artigo 65, réxime de autorización en bens inmobles catalogados

Engadido na alínea 1, primeiro parágrafo:

...necesitará a autorización previa da Administración competente segundo o establecido no artigo 39.1.

Novos parágrafos:

Non obstante, non precisarán autorización as seguintes intervencións en bens catalogados:

a) Actuacións puntuais de mantemento ou o uso ordinario, de moi escasa entidade técnica e construtiva, como os que se relacionan de seguido:

1º A limpeza e retirada de pó ou lixo depositado e non fortemente adherido con técnicas non agresivas e sen afectar ao material de soporte existente; a eliminación de residuos e depósitos do sistema de evacuación de auga pluvial das cubertas; e a substitución parcial dos seus elementos por outros de idénticas características.

2º A recolocación, reparación ou substitución parcial do material de cubrición e revestimento de fachada por outro de idénticas características materiais e acabado; así como o acabado da cubrición e revestimentos non rematados ou realizados con materiais inadecuados, sempre que se executen con materiais propios do ámbito no que se localizan, e que non se empreguen materiais e acabamentos que imiten a outros.

3º A reparación de fiestras e portas existentes, incluída a substitución de vidros e a actuación puntual sobre elementos da carpintería por outros idénticos en material e acabado; así como a substitución de carpinterías existentes inadecuadas por outras que respondan ás características establecidas na súa protección.

4º O corte de herba ou maleza e a roza por medios manuais ou con maquinaria lixeira portátil, sen movementos de terra e respectando en xeral os exemplares arbóreos existentes e os elementos de xardinaría, así como podas parciais de mantemento e as talas puntuais sempre que non se afecte ao patrimonio arqueolóxico.

5º O cultivo de terreos e o desenvolvemento da normal actividade agrícola sempre que non sexa precisa a modificación das rasantes existentes e os traballos de arroteamento se produzan a nula ou escasa profundidade, sempre que non se afecte ao patrimonio arqueolóxico.

6º A recolocación, reparación ou substitución puntual e parcial de elementos de xardinaría, pavimentación e mobiliario urbano por outros das mesmas características de materiais e de deseño.

b) A realización de actividades e eventos efémeros, sempre que se produzan de forma illada e sen instalacións de carácter permanente, ligadas a actividades públicas periódicas como festas, actividades lúdicas, culturais ou deportivas, romarías, encontros, concertos, e se dispoña dos medios para a normal vixilancia e cautela dos bens que poidan verse afectados e que, con carácter xeral, non permanezan montadas un prazo maior de 72 horas, sempre que non se afecten materialmente os bens protexidos, en especial coas ancoraxes, instalacións, medios auxiliares ou apoios en inmobles protexidos.

Engadido na alínea 2:

Sen prexuízo do indicado no artigo 39.1, no caso de que os concellos contén con instrumentos de planeamento urbanístico..

Engadido na alínea 4:

...ou situados na traza dos Camiños de Santiago catalogados, nas parcelas lindeiras da mesma ou nos seus elementos funcionais...

Nova alínea 6:

En ningún caso se poderá demoler un inmovible catalogado con protección integral sen autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, sen que a declaración de ruína vincule á consellaría para autorizar a demolición.

A solicitude de autorización achegará un proxecto técnico que incorpore medidas de salvagarda para frear a deterioración do ben e garantir a mellor conservación dos seus valores culturais, con especial atención á documentación do seu estado actual con planos e fotografías.

No suposto de que a ruína supoña un perigo inminente de danos para as persoas, o órgano que incoase o expediente de ruína deberá adoptar as medidas oportunas para evitalos.

Comentario. É necesario aclarar que a Lei 5/2016 non contempla actuacións illadas de demolición. Debe seguir manténdose o criterio xeral de que non caben demolicións totais nin parciais, senón actuacións de restauración e rehabilitación (que nalgúns casos poden requirir ou incluír unha demolición parcial de elementos construtivos).

Novo artigo 77 bis. Usos, actividades e intervencións compatibles

Sen prexuízo das autorizacións a que poidan estar condicionados, considéranse compatibles coa protección dos Camiños de Santiago os seguintes usos, actividades e intervencións:

a) Os cámpings que teñan construcións fixas, máis aló dos servizos comúns, a máis de 500 metros dos núcleos de carácter tradicional.

Os cámpings poderán instalarse integrados en zonas boscosas do territorio histórico do Camiño con construcións fixas relativas aos servizos comúns estando as demais parcelas habilitadas para tendas de campaña.

b) As carpinterías de aluminio e PVC nas casas tradicionais rústicas nos territorios históricos dos Camiños de Santiago catalogados.

Admitiranse edificacións de cuberta plana a máis de 200 metros do límite exterior dos núcleos de carácter tradicional.

Agás que a ficha de catálogo determine o contrario, poderán baleirarse interiormente as casas tradicionais a menos que se identifiquen elementos de valor etnográfico, como lareira ou fornos que deberán ser preservados.

c) O cambio de pavimento térreo a pavimento duro nos camiños do territorio histórico dos Camiños de Santiago, cando estes estean fóra da traza e se propoñan solucións como o formigón lavado ou pétreo da zona ou outras similares que garden adecuación á contorna.

Admitiranse a pavimentación con formigón lavado nas sendas peonís abeiradas ás estradas convencionais sempre que haxa unha franxa verde de separación de mínimo un metro de ancho.

d) Aparcadoiros de turismos e autocaravanas sempre que se estableza un ámbito perimetral verde e elementos de integración no territorio histórico como arboredo ornamental ou autóctono cada dúas prazas.

Comentario. Estes usos e intervencións que se declaran compatibles teñen un potencial de alteración dos valores do territorio histórico que aconsella sometelos a autorización, calquera que sexa a administración que teña a competencia. Cómpre ter en conta que esta disposición é aplicable aos territorios históricos ben de interese cultural ou catalogados de todos os Camiños, que se estenden por toda a xeografía galega, con valores naturais, paisaxísticos e culturais moi heteroxéneos, plenos de

singularidades e especificidades en todos os aspectos, polo que non ten sentido aplicar a todos estes territorios protexidos estas determinacións homoxéneas e uniformizadoras.

Modificación da alínea 7 artigo 82 (Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago)

Sen prexuízo do indicado no número anterior, tras a aprobación do Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago, os concellos polos que discorren os Camiños de Santiago estarán habilitados para autorizar as intervencións que se realicen no seu ámbito, agás as que afecten as propias trazas dos camiños, **as parcelas lindeiras da mesma e elementos funcionais dos Camiños**, así como as que afecten os bens singulares declarados de interese cultural dentro do seu ámbito, os bens integrantes do patrimonio artístico ou arqueolóxico, os que sexan titularidade da Igrexa católica e as actuacións de salvagarda que promova a consellaría competente en materia de patrimonio cultural. **As autorizacións de todas estas intervencións excluídas da habilitación dos concellos, corresponderalle á consellaría competente en materia de patrimonio cultural.**

Comentario. Resulta difícil comprender por que a lei transfire maiores competencias aos concellos que non están incluídos no ámbito dun Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago que aos que contan con este instrumento que ten como finalidade establecer as liñas xerais para o mantemento e a conservación dos valores culturais dos Camiños e garantir unha ordenación do territorio harmoniosa e integrada con eles. Modificacións coma estas mostran a necesidade dunha revisión rigorosa do texto que revise a súa coherencia e a harmonía das súas determinacións.

Modificacións dos tipos de infraccións administrativas

Artigo 129.m) infracción leve:

A corta de arboredo ou outras transformacións da estrutura e usos tradicionais no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago **declarados BIC ou situado na traza dos Camiños de Santiago catalogados, nas parcelas lindeiras da mesma ou nos seus elementos funcionais**, sen a

autorización previa da consellaría competente en materia de patrimonio cultural ou contravindo os termos da autorización concedida.

Artigo 129.y) infracción leve:

A realización de calquera intervención nun ben declarado de interese cultural ou catalogado, ou no seu contorno de protección, ou na súa zona de amortecemento, **sen obter a correspondente e preceptiva autorización previa das establecidas no artigo 39.1** ou contravindo os termos da autorización concedida.

Artigo 130.d) infracción grave:

A realización de calquera intervención nun ben declarado de interese cultural ou catalogado ou no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento sen obter **a correspondente e preceptiva autorización previa das establecidas no artigo 39.1** ou contravindo os termos da autorización concedida, cando ocasione un dano a este ben.

Artigo 130.k) infracción grave:

A realización de calquera intervención no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago sen obter **a correspondente e preceptiva autorización previa establecida no artigo 39.1** ou contravindo os termos da autorización concedida.

Comentario. Adáptase o réxime sancionador á modificación do réxime de competencias, de maneira que en ausencia de autorización ou nos supostos nos que as intervencións se aparten da autorización, sexa esta competencia da consellaría ou competencia do concello, aplícase o réxime sancionador da lei. Quedan fóra do mesmo o incumprimento polos concellos da normativa de protección no outorgamento de permisos, licenzas ou autorizacións agora da súa competencia, porén mantense como unha infracción grave o exercicio desa competencia polos concellos a través dos procedementos polos que se delega a competencia que recolle o artigo 130 g) *O outorgamento de permisos, licenzas ou autorizacións municipais outorgadas no marco da habilitación referida nos artigos 58 e 62 que contraveñan os*

termos do plan especial de protección ou dos instrumentos específicos de protección dos territorios históricos e paisaxes culturais aos que se refiren os artigos 55 e 59.

Dereito transitorio: nova disposición transitoria décima. Procedementos de autorización en curso a un de xaneiro do 2026

1. Os procedementos de autorización de intervencións con rexistro de entrada da solicitude da autorización da consellaría competente en materia de patrimonio cultural anterior ao 1 de xaneiro de 2026 rexeranse pola normativa en vigor no momento do seu inicio, sen prexuízo do dereito das persoas interesadas a desistir da súa solicitude nos termos previstos na lexislación de procedemento administrativo común.

2. Non obstante, os procedementos para autorización de intervencións que deixen de estar sometidas a algún dos controis previstos no artigo 39.1 rexeranse pola nova regulación.»

Modificación do artigo 44 da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (licenzas directas)

«Artigo 44. *Licenzas directas*

1. As actuacións que non afecten á envolvente exterior dos edificios incluídos no ámbito dos bens de carácter territorial das categorías definidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia ou no contorno de protección ou na zona de amortecemento destes bens ou dos de inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, exista ou non plan especial de protección, ou con independencia do disposto neste, poderán ser obxecto dunha licenza directa por parte do concello, sen necesidade da autorización prevista no artigo 39.1 da dita lei, sempre que non afecten inmobles especificamente protexidos polo seu valor cultural e sen prexuízo, se for o caso, do cumprimento das exixencias que poidan derivar da protección arqueolóxica a que poida estar afecto.
2. Malia o sinalado no número anterior, poderán ser obxecto de licenza directa por parte do concello, sen necesidade da autorización prevista no artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, os supostos previstos no artigo 45.2 desa lei, así como as intervencións no contorno de protección ou na zona de amortecemento de inmobles singulares declarados ben de interese cultural ou catalogados, ou con protección ambiental ou estrutural ou nivel de protección asimilable, que consistan en actuacións no interior, nas carpintarías exteriores, en acabados de fachada ou en cambios de cuberta, sempre que non afecten os seus valores culturais nin os seus elementos especificamente protexidos.
3. Tampouco precisarán da autorización prevista no artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, e polo tanto poderán ser obxecto de licenza directa por parte do concello, as actuacións puntuais de mantemento ou uso ordinario de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas pola deterioración material dos elementos sobre os que se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial, e que requiran dunha rápida execución pola ameaza que pode supoñer para a súa conservación ou apreciación, sempre que as actuacións manteñan ou respecten os materiais e os sistemas construtivos orixinais.»

Comentario. Esta regulación debe contrastarse co punto 1.2.c) do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia do 20 de xaneiro do 2020 ([DOG nº 54, do 18 de marzo](#)), en relación coa Lei 1/2019, do 22 de abril e, moi particularmente, coas discrepancias xurdidas arredor da interpretación do artigo 44 :

c) Polo que respecta ao artigo 44.1, entenden ambas as partes que o devandito artigo non sería de aplicación ás actuacións en edificios singulares declarados bens de interese cultural nin ás realizadas en calquera outro inmovble catalogado, calquera que sexa o seu nivel de protección. Enténdese igualmente que tal precepto é respectuoso coa consideración da contorna de protección e da zona de amortecemento como elementos necesarios para garantir a percepción ou comprensión cultural dos edificios protexidos e permitir a súa protección e que, por iso, este unicamente está a exceptuar de autorización previa do órgano autonómico competente en materia de patrimonio cultural aquelas actuacións realizadas en edificios situados na contorna de protección ou zona de amortecemento que non se refiran á envolvente exterior.

As partes entenden que a referencia que se fai a «con independencia do disposto neste (plan especial de protección)» debe entenderse limitada á posible previsión por tales instrumentos da necesidade de autorización administrativa pola Administración autonómica en contra do disposto por este precepto, sen que poida considerarse que ampara a posibilidade de realizar actuacións en contra das determinacións contidas no plan especial, cuxo cumprimento íntegro debe garantir, e procederase á actualización dos plans que non respondan adecuadamente ás necesidades e realidades do ámbito que deben protexer.

d) En relación co artigo 44.2, ambas as partes coinciden en que debe interpretarse nun sentido restritivo a posibilidade de realizar intervencións sen autorización da consellaría competente en materia de protección do patrimonio histórico, excluíndose, en todo caso, as actuacións en edificios singulares declarados de interese cultural ou catalogados con nivel de protección integral, cabe respecto ao resto dos edificios a licenza directa unicamente naquelas actuacións que, sen afectar os elementos protexidos e valores culturais dos citados inmoables, se produzan no interior ou, de ser no exterior, se limiten a intervencións de carácter mínimo nas carpintarías exteriores, acabados de fachada ou cambios de cuberta.

A Xunta de Galicia comprométese a desenvolver regulamentariamente o precepto en atención a tal interpretación restritiva, establecendo nesa futura disposición xeral que só cumpren as exixencias antes indicadas, aquelas intervencións descritas e relacionadas con carácter taxado no punto cuarto, VI, b) da instrución interpretativa conxunta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Cultura e Turismo para a aplicación das seccións 1ª, Normas de aplicación directa, e 2ª, Licenzas directas, do capítulo V do título I da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas

de Galicia, publicada mediante Resolución do 2 de agosto de 2019 (Diario Oficial de Galicia núm. 153, do 13 de agosto de 2019)”.

5. Conclusións

O *Foro Patrimonio e Sociedade* incluíu entre as súas recomendacións para *Unha regulación normativa de maior calidade* a de “Potenciar o papel dos concellos como formadores de patrimonio e, como administración de proximidade, desenvolver un principio de subsidiariedade que debe ir mais aló dun exercicio obrigado –e moitas veces tutelado–, de colaboración na salvagarda patrimonial, que se asume condicionado pola ausencia dun apoio técnico municipal”. Porén, tamén sinalou como obxectivo “Implantar mecanismos eficientes de coordinación entre as administracións con competencias en materia de patrimonio, co necesario apoio técnico e económico aos concellos”.

Nas condicións nas que se establece no proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas a atribución das competencias para a autorización das intervencións que se pretendan realizar en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, ou ben nas súas contornas de protección e zonas de amortecemento, non queda garantida de maneira suficiente e eficaz a conservación e protección do patrimonio cultural de Galicia.

Da análise do contexto legal e patrimonial no que se realizaría a derivación de competencias autorizatorias aos concellos conclúese que esta reforma non ten suficientemente en conta unha serie de factores relevantes: a falta de desenvolvemento regulamentario da Lei 5/2016; a inexistencia dun Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia actualizado, unificado, uniforme e coherente; a insuficiencia e a falta de formación específica do persoal técnico municipal; as dificultades para exercer unha adecuada ponderación de intereses nas administracións máis próximas aos cidadáns; a ausencia de mecanismos e instrumentos de coordinación; a ausencia de sistemas de control autonómico *ex post* sobre a concesión de licenzas municipais, incluída a inexistencia dun corpo autonómico de inspección do patrimonio cultural.

Nun contexto de alta presión social, económica e política sobre as políticas urbanísticas, de vivenda e de explotación produtiva do territorio, as opcións regulatorias que o lexislador galego pretende implantar co Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas descansan na vontade de reducir as vinculacións protectoras do noso

patrimonio, liberalizando (“simplificando”) a súa xestión mediante a súa remisión ás administracións máis expostas a esas presións.

Esta vontade liberalizadora suscita problemas constitucionais, na medida en que, ao camiñar nun sentido oposto ao das obrigas de conservación e enriquecemento do patrimonio cultural que a Constitución lle atribúe aos poderes públicos (artigo 47 CE), poden poñer en risco de perda, destrución ou deterioración irreversible moitos dos bens protexidos que integran o patrimonio cultural de Galicia, isto é, boa parte da heranza cultural que conforma a nosa identidade como pobo, e que deberíamos legar ás seguintes xeracións.